

Estamos discutindo, seleccionando e redactando...

## **VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN**

**Novas tecnoloxías:** *As novas tecnoloxías supoñen non só un ámbito de formación para o noso alumnado. Unha correcta alfabetización neste ámbito é fundamental para a vida en sociedade na actualidade.*

**Educación para a saúde, deporte, medio ambiente e consumo.** *Un pilar fundamental para a educación integral é educar no respecto por un mesmo e o mundo que nos rodea. O gusto pola actividade física, correcta alimentación e un consumo responsable para facilitar unha conciencia indispensable para a preservación do medio ambiente.*

**Pluralismo e valores democráticos.** *O respecto debe ser a base da educación para a sociedade.*

**Inclusión.** *Este punto podería estar perfectamente enmarcado no apartado anterior, pero polas características do alumnado do noso Centro, merece unha especial atención.*

**Liña metodolóxica.** *Unha coordinación vertical do labor docente, será unha axuda fundamental para a consecución das competencias clave do alumnado.*

**Xestión institucional.** *Aproveitar a potencialidade dos recursos propios e os das institucións e espazos onde se enmarca o Centro.*